

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: Ciencias da Natureza
DEPARTAMENTO:
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.
Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e as principais características e funcións dos aparellos respiratorio, dixestivo e locomotor.
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcol e drogas.
Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	Coñece e explica as principais características e compoñentes dun ecosistem e investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta os resultados en diferentes soportes.

Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá co fin de comunicar os resultados en diferentes soportes.	<p>Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá e comunica os resultados en diferentes soportes.</p> <p>Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.</p> <p>Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.</p> <p>Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - Valoración persoal do traballo e esforzo do alumnado. - Contraste da experiencia/traballo dixital con outro profesorado do centro. - Recompilacións de materiais e valoración por escrito.
	Instrumentos: -Exercicios e tarefas que se pidan. -Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe. -Presentación de traballos. -Debuxos que representen aquilo que aprenderon. -Traballos monográficos e pequenas investigacións.
Cualificación final	Terase en conta a nota media dos dous trimestres anteriores, as tarefas e actividades que se pidan e o seguimento que se realiza do alumnado. Valorarase especialmente o esforzo e os medios dos que dispoña cada unha das alumnas e alumnos nos seus fogares.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	No caso de Ciencias da Natureza actividades están a ser de repaso e reforzo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Todas as actividades están propostas tendo en conta o nivel curricular medio do grupo e as súas aprendizaxes previas, outorgando un uso significativo da lectura, da escritura e das TIC. A hora de entregar as tarefas dáse flexibilidade ao alumnado, tendo en conta as diferenzas individuais e medios dos que dispoñen.
Materiais e recursos	No que respecta ao alumnado con conectividade, envíanse a diario as

	<p>actividades propostas. Estas van en formato PDF. Cada unha das actividades acompáñase dunha explicación e/ou un vídeo insertado mediante un hipervínculo que dá acceso a un enlace externo (youtube, Vimeo, páxinas informativas...).</p> <p>No caso do alumnado sen conectividade (datos mediante teléfono móbil), envíanse as tarefas mediante un servizo de fotocopias que oferta o Concello de Santa Comba. Os vídeos e outros recursos coma imaxes, facilítanse ao alumnado a través do watshapp das nais/pais. Este alumnado ten un seguimento diferenciado en canto a resto, titorizado mediante chamadas ás familias todas as semanas para resolver posibles dúbidas.</p>
--	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A comunicación principal co alumnado realízase a través das familias, ben a mediante chamadas telefónicas, correo electrónico ou whatsapp.</p> <p>No meu caso debido a problemas de seguridade, fiabilidade e conectividade, descartei a utilización de outros medios como Skype ou Zoom.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>